



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA** **27/09/2007**

### **ASISTENTES:**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela.  
D. Roberto Iglesias Delgado.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez  
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella.  
D. José Castor Novoa Fernández.  
D. Manuel Diéguez Carballo.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Branco.  
D. José Luís Janeiro Rodríguez.  
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz.  
D. Xesús Mazaira Varela.  
D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez.

### **SECRETARIO:**

Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día vinte e sete de setembro de dous mil sete, reuníronse, logo de convocatoria en legal forma practicada, os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30/08/2007.**

Polo Sr. Secretario dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 30/08/2007.

O voceiro do grupo PP, o Sr. Varela Rodríguez, sinala que no punto de rogos e preguntas non aparece ben reflectido na acta, polo que o seu grupo votará en contra da acta.

Sometida a votación, é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes aos membros do grupo PP.

#### **2º. - DAR CONTA DOS CONCELLEIROS REPRESENTANTES E SUPLENTES DESIGNADOS POR CADA GRUPO POLÍTICO NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Danse a coñecer polo Sr. Secretario os escritos presentados polos voceiros dos distintos grupos políticos en relación coa designación de titulares e suplentes das distintas comisións informativas permanentes, no seguinte sentido:

Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda, Réxime interior, e Especial de contas:

- Titulares:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, grupo PSOE.
- D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE.
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, grupo BNG.
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG.
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Grupo PP.
- D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Branco, grupo PP.

- Suplentes:

- D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP.
- D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP.

Comisión Informativa Permanente de servizos en xeral, servizos sociais, igualdade e muller:

- Titulares:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE.
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, grupo BNG.
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG.
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP.
- D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Branco, grupo PP.

- Suplentes:

- D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP.
- D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP.

Comisión Informativa Permanente de urbanismo, medio ambiente, patrimonio e medio rural

- Titulares:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, grupo PSOE.
- D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG.
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP.
- D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## -Suplentes

- D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE.
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, grupo BNG.
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP.
- D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Branco, grupo PP.

Comisión Informativa Permanente de cultura, educación, xuventude e deportes.

## - Titulares:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE.
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, grupo BNG.
- D<sup>a</sup>. Xesus Mazaira Varela, grupo BNG.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP.
- D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP.

## Suplentes:

- D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE.
- D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE.
- D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG.
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Grupo PP.
- D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Branco, grupo PP.

O voceiro do grupo PP, o Sr. Varela Rodríguez, pregunta a posibilidade de que as sesións das comisións informativas se realicen en vez dos xoves anteriores dos plenos ás 17.00 horas, ás 20.00 horas como o Pleno, ou ben a primeiro hora, 15.30 ou 16.00 horas, de modo que non se interrompa a xornada laboral dalgúns concelleiros.

O Sr. Alcalde manifesta que se estableceu esa hora porque se considera máis conveniente, tendo en conta que o secretario e a interventora veñen de fóra, apuntando a posibilidade legal dos concelleiros de ausentarse de posto de traballo.

### **3º. - PROPOSTA DE ALCALDÍA DE INDEMNIZACIÓNS A PERCIBIR POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN POLOS GASTOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO SEU CARGO.**

Dando cumprimento ó establecido no artigo 21, 22 e 75 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tendo en conta que os membros das corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que aprobe o pleno.

Considerando o establecido no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio.

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de economía, facenda, réxime interior, e especial de contas de data 24/09/2007.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. -Determinar que todos os membros da corporación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, sempre que sexan debidamente autorizados e xustificados nos termos e contías que se fixan no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio; por asimilación para os membros corporativos municipais co grupo 2 do Anexo I; e para os gastos de viaxe polo uso do vehículo particular, a cantidade de 0,19 euros/Km, de acordo co artigo 18.1 do citado RD e a Orde EHA/3770/2005.

SEGUNDO. - Autorizar os gastos que comportan os precedentes acordos con cargo ás partidas correspondentes do vixente presuposto xeral.

TERCEIRO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da provincia e fixalo no taboleiro de anuncios desta entidade.

## **4º. - PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS ENTRE DISTINTOS GRUPOS DE FUNCIÓN.**

Considerando que se trata de gastos específicos, determinados inaprazables que non poden demorarse ao exercicio seguinte.

Formulada memoria da alcaldía na que se xustifican axeitadamente as modificacións orzamentarias propostas.

De conformidade co establecido no artigo 40 do RD 500/1990, do 20 de abril, 179 e 180 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sendo preceptiva a previa emisión do ditame pola Comisión Informativa correspondente en virtude do establecido no artigo 123 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, e no RD Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de economía, facenda, réxime interior, e especial de contas de data 24/09/2007.

Aberto o debate, sinala que o seu grupo vai cambiar o sentido do seu voto e vaise abster, xa que non se tivo en conta a proposta de modificación do horario das comisións informativas.

O Sr. Alcalde afirma que se ten que aprobar esa modificación de créditos para poder pagar os intereses e demais gastos dos distintos empréstitos, xa que as previsións do presuposto se fixeron mal e agora hai que facer fronte a esta modificación.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis abstencións correspondentes aos membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente nº 5/2007 de transferencia de créditos entre partidas de diferente grupo de función do orzamento municipal do 2007, para asumir gastos financeiros dos empréstitos bancarios, por importe de 39.932,85 euros, co seguinte detalle:



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

PARTIDA DIMINUÍDA	CRÉDITO DIMINUÍDO	PARTIDA INCREMENTADA	CRÉDITO INCREMENTADO
452.227.06	39.932,85	011.310.00	39.932,85
TOTAL			
	39.932,85 euros	TOTAL	39.932,85 euros

SEGUNDO. - Proceder á publicación e tramitación do expediente nos termos previstos no artigo 40 do RD 500/90, do 20 de abril, e no RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

## 5º. - PROPOSTA DA TENZA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

Resultando que por acordo plenario de data 30/08/2007 se aprobou a moción do grupo municipal BNG para a adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Vista a resolución de data 7/07/2006, da Secretaría Xeral e de relacións institucionais, pola que se dá publicidade ao convenio de colaboración entre a vicepresidencia de igualdade e de benestar e outros concellos para a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOGA de 7/07/2006).

Considerando o disposto nos artigos 21, 22 e 23.2 b) da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e no Decreto da alcaldía de data 28/09/2007, de delegación xenérica de atribucións no tenente de alcalde en materia de benestar social.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de economía, facenda, réxime interior, e especial de contas de data 24/09/2007.

Aberto o debate pola Presidencia, abstense do debate e votación do asunto a concelleira do grupo PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Branco, por ter interese persoal no asunto.

O Sr. Piñeiro explica que tal e como explicou na comisión informativa este é o paso para a integración no consorcio, aprobando os estatutos e nomeando un representante municipal no consorcio.

O Sr. Varela sinala que tal e como xa dixese no pleno anterior, ao estar pendente a modificación de diversos artigos, retiraría o asunto ata ver como queda definido o consorcio, polo que manifesta que vai modificar o sentido do voto e vai votar en contra.

O Sr. Piñeiro argumenta que se hai que modificar algo se poderá facer dende o propio consorcio, que sería o foro axeitado para poder modificalo, polo que van seguir coa proposta.

O Sr. Varela di que con esa incorporación o Concello de Chantada non quedará exento de contribuír economicamente, insistindo en que debería esperar a que se modificase ese regulamento, e que polo tanto van votar en contra.

O Sr. Piñeiro conclúe o debate facendo referencia ao principio de autonomía local, que se reflicte nos estatutos do consorcio ao recoller que a administración directa do centro poderá ser exercida polos concellos que o soliciten, e a prestación de servizos polo consorcio non supón unha substitución de competencias municipais, senón unha colaboración e apoio no seu exercicio.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes ós membros dos grupos PSOE e BNG, e cinco votos en contra correspondentes ós membros presentes do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a integración do Concello de Chantada no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e a sinatura do correspondente Convenio de integración.

SEGUNDO. - Aprobar os estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, publicados no DOGA de data 7/07/2006.

TERCEIRO. - Facultar ao Sr. Tenente de Alcalde do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscripción dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio.

CUARTO. - Designar como representante do Concello nos órganos reitores do Consorcio ao Tenente de Alcalde, D. Ildefonso Piñeiro Díaz.

QUINTO. - Remitir o presente acordo aos servizos centrais do Consorcio e a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.

Neste momento incorpórase de novo a concelleira do grupo PP, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Branco, que se ausentara para absterse no debate e votación do asunto anterior.

## **6º. - MOCIÓNS:**

### **GRUPO PP:**

#### **6.1. - SOLICITUDE Á ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PAULATINA DESAPARICIÓN DO IMPOSTO DE SUCESIÓN E DOAZÓN.**

Defende a moción o Sr. Varela, que dá lectura da mesma no seguinte sentido:

*"A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias normativas e de xestión sobre os tributos cedidos segundo o previsto na Lei Orgánica 8/80, de 22 de Setembro., de Financiamento das Comunidades Autónomas. Na mesma, recóllense os tributos cedidos sobre os que as comunidades autónomas dispoñen de competencias normativas nos termos que estableza a lei que ceda o tributo correspondente; entre eses tributos está o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.*

*A Lei 21/01, de 27 de Decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas establece, para o Imposto de Sucesións e Doazóns, o alcance da cesión e os puntos de conexión; igualmente, fixa o marco normativo das comunidades autónomas no mencionado imposto, establecendo que estas poderán asumir competencias respecto das reducións da base imponible tanto para transmisión "inter vivos", como "mortis causa"; redución da tarifa do imposto; da contía e coeficientes do patrimonio preexistente., e deducións e bonificacións da cota.*

*Pois ben, dende unha perspectiva práctica e de incidencia na economía das familias ou persoas físicas que están suxeitas ó imposto, non podemos obviar que este imposto se aplica sobre unha materia que xa ten sido obxecto de gravame como rendemento, polo que estamos ante un suposto de dobre imposición; igualmente, pódese argumentar que non hai incremento patrimonial cando a transmisión se produce dentro do núcleo da unidade familiar, podéndose entender que debería ser esta, a unidade familiar, a unidade contribuínte.*

*É ben certo que na meirande parte dos casos, o abono deste imposto supón un grave quebranto para as economías familiares, sobre de todo no rural, xa que se ven abocadas a*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*aboar importes que en certos casos deixan as economías domésticas en situacións mesmo críticas.*

*Por riba, non debemos esquecer o considerable trastorno que supón que as persoas afectadas deban trasladarse á cidade de A Coruña para solicitar documentación imprescindible para a tramitación e pagamento do imposto, co que se están a agravar aínda máis as economías que xeralmente están en situación máis feble.*

*Por iso, pensamos que debemos encamiñarnos cara unha paulatina desaparición do Imposto, de Sucesións e Doazóns; non sería lóxico pensar na desaparición inmediata, xa que privaría dunha fonte de ingresos presupostados á Administración Autonómica, pero se podemos afirmar que pode ser factible que o do 2010 sexa o derradeiro exercicio fiscal no que se tribute por este imposto.*

*Polo tanto, dende o Grupo Municipal do Partido Popular., en función do anteriormente exposto, é polo que propoñemos o Pleno da Corporación Municipal a adopción dúas seguintes ACORDOS:*

- 1. - O Pleno da Corporación Municipal do Concello, solicita da Administración Autonómica a desaparición do Imposto de Sucesións e Doazóns, de forma que o exercicio do 2010 sexa o derradeiro, no que se tribute por tal concepto.*
- 2. - Solicitar que todos os trámites a efectuar polos afectados para liquidar o imposto, se poidan levar a cabo na capitalidade da provincia.*
- 3 - Elevar os presentes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia á Mesa do Parlamento, e aos voceiros dos grupos políticos que conforman o Parlamento de Galicia, así como o Presidente da Deputación e voceiros dos grupos provinciais".*

O Sr. Varela explica en liñas xerais o contido da moción sinalando que en distintas comunidades autónomas o 50 por cento da poboación está exenta deste imposto, e dado que Galicia necesita o reequilibrio territorial e máis calidade de vida, non se pode gravar tanto os cidadáns con impostos, polo que se debería dende os concellos ou a FEGAMP facer ver ao goberno da Xunta esta necesidade para a redución e gradual eliminación deste gravame no ano 2010.

O voceiro do grupo PSOE, o Sr. Iglesias Delgado, argumenta que o goberno do PP anterior tivo 16 anos para facelo e non o fixo. Así mesmo, aclara que a lei de sucesións fala claramente de que ata 15.000 euros están exentos do imposto, polo que non é tan gravoso para as familias, xa que grava as grandes fortunas producidas por actividades non produtivas, como as herdanzas, tratando de evitar que esas herdanzas pasen duns a outros sen tributar, reducindo así as distancias dos grandes patrimonios. Tamén sinala que en Galicia está exento o 80 por cento da poboación, e que en sucesións de empresas como as gandeiras se se continúa coa actividade tampouco se tributa. Por último sinala que os ingresos polo devandito imposto en Galicia supoñen uns 130 ou 140 millóns de euros anuais, o que suporía un gran desaxuste se se deixa de recadar ese importe, polo que van votar en contra, dado que existe xa un compromiso do goberno da Xunta de modificar este imposto no ano 2008.

O Sr. Varela contesta que o feito de que o goberno do PP estivese 16 anos e non fixese nada non é desculpa para que non se faga agora, aínda que non foi así, e que as exencións dese 80% foi aprobado polo goberno do PP. Sinala tamén que comunidades autónomas como Canarias, Baleares, Cantabria ou La Rioja téñeno eliminado, e o poder adquisitivo destas comunidades non é superior a Galicia. En canto ás cantidades que se deixarían de recadar, habería que arbitrar outras fórmulas para gravar as grandes familias ou empresas e revertelas doutro xeito nos que teñen posibilidades económicas.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Iglesias sinala que o que se recadaba nesas comunidades autónomas era inferior ao que se recada en Galicia, polo que non se produciu ese desfase económico, insistindo nas ideas anteriores e concluíndo que van votar en contra da moción.

O Sr. Varela conclúe o debate insistindo na necesidade de aprobar a moción, de modo que dende os concellos se faga ver ao goberno da Xunta a conveniencia de eliminar paulatinamente este imposto.

Sometida a moción a votación é denegada por sete votos en contra correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos a favor correspondentes aos membros presentes do grupo PP.

## **6.2. - CREACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.**

Defende a moción a Sra. López Abella, que dá lectura da mesma no seguinte sentido:

*"O pasado 30 de novembro de 2006 aprobouse no Congreso dos Deputados a Lei de Dependencia que entrou en vigor o 1 de xaneiro, de 2007.*

*Segundo o texto desta Lei, os concellos deben colaborar e participar no desenvolvemento e na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.*

*Asemade, o Sistema de Atención á Dependencia deberá desenvolverse coa colaboración e participación das entidades locais ao longo de todo o proceso, correspondéndolle aos concellos.*

*Xestionar o acceso das persoas en situación de dependencia que viven nos seus concellos. Atención, información e orientación.*

*Por outra banda, non se pode esquecer que os concellos posúen unha importante rede de atención primaria que hoxe en día xestionan boa parte dos servizos recollidos na Lei e que contan co persoal axeitado para facer chegar a información e levar a cabo o seguimento das persoas usuarias do sistema.*

*Tendo en conta as competencias que a Lei recoñece aos concellos, e sobre todo a necesidade de acelerar a súa aplicación e posta en marcha na nosa Comunidade, o Pleno desta Corporación ACORDA:*

- 1. - Instar ao goberno local a por en marcha unha Oficina Municipal de Atención á Dependencia onde as Persoas dependentes deste concello poidan recibir a información necesaria sobre os servizos recollidos na Lei e a tramitación das axudas correspondentes.*
- 2. - Levar a cabo unha campaña informativa entre os veciños deste concello que están en situación de ser posibles beneficiarios destas prestacións para informarlles da creación desta Oficina Municipal de Atención á Dependencia e os seus servizos ".*

A Sra. López Abella explica que a lei de dependencia aprobada a finais do ano 2006, en vigor dende xaneiro de 2007, establece que neste ano se valorasen os grandes dependentes, o que a día de hoxe non é un dereito efectivo, xa que aínda non están valorados os potenciais beneficiarios. Sinala tamén que as distintas asociacións non teñen aínda os resultados das valoracións, e que corresponde á comunidade autónoma este proceso de valoración, así como a asignación de medios económicos e persoais para facer efectiva a aplicación desta lei. Afirma que a campaña foi un fracaso, xa que solo se trouxo un autobús informativo, na casa de xuventude estiveron os equipos da vicepresidencia, e creáronse sistemas paralelos de información municipal a través dos servizos sociais municipais. Conclúe sinalando que dadas as expectativas creadas debería de crearse unha oficina municipal de atención á dependencia para que dea información axeitada e atención concreta a todos os cidadans de Chantada.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

A Sra. Ríu Bimbiela sinala que hai unha falta de coherencia na moción do grupo popular, xa que existe unha oficina de información aos usuarios por parte de Vicepresidencia, e agora pretenden crear outra oficina de información municipal, o que non ten razón de ser, xa que os servizos sociais do concello e a traballadora social de SERGAS están a informar e xestionádoos todo. Afirma, polo tanto, que non é necesaria esa oficina municipal, que os servizos sociais están a funcionar ben, e que as traballadoras sociais levan todo o peso da información e realizan os informes sociais.

O Sr. Piñeiro apunta que hai 90.000 persoas que se poden beneficiar en Galicia desta Lei, e que hai en Chantada ata 5 puntos de información e atención á dependencia: o centro de saúde, a oficina da casa da xuventude, os servizos sociais do concello, a tenza de alcaldía e a concellería de igualdade. Neste sentido sinala que os cidadáns de Chantada están ben informados. Así mesmo sinala que se está a facer un bo labor dende os servizos sociais do concello, e que na residencia da terceira idade están valorados o 40 por cento das persoas residentes. Por último, conclúe sinalando que dada a situación económica do concello non é necesaria a creación desta oficina.

A Sra. López Abella replica que a incoherencia está no equipo de goberno, que conta con 5 puntos de información, e esa multiplicidade de información dispersa non é eficaz e impide a coordinación, polo que debería de haber unha única fonte de información dada a importancia deste asunto, considerado como o cuarto pilar do benestar. Neste sentido afirma que é necesaria a creación desta oficina dada a poboación envellecida de Chantada, centralizando a información e os medios persoais nesta oficina, que é competencia dos concellos, o que non sería moi gravoso presupostariamente para o concello.

A Sra. Ríu Bimbiela insiste en que as máis cualificadas para valorar e axudar ás persoas dependentes son as traballadoras sociais do concello e do SERGAS, dada a súa proximidade aos cidadáns e o mellor coñecemento das necesidades dos veciños, polo que o que se debería de facer é potenciar o seu labor en vez de crear outra oficina.

A Sra. López Abella conclúe o debate resumindo a súa posición anterior e insistindo na necesidade de que exista un punto de referencia claro para as persoas maiores e resolver así o problema de coordinación existente.

Sometida a moción a votación é denegada por sete votos en contra correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos a favor correspondentes os membros presentes do grupo PP.

## **7º. - ROGOS E PREGUNTAS**

### **ROGOS:**

Non se realiza ningún rogo.

### **PREGUNTAS:**

- Sr. Novoa: Por que se deixou secar a zona axardinada do punto limpo?
- Sr. Alcalde: Non hai auga para regar esa zona do punto limpo, deberase de facer con cisternas.
  
- Sr. Novoa: Como están as xestións sobre o problema da rúa Alférez Baanante aprobado no último pleno por unanimidade?



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Sr. Alcalde: Están avanzadas, estamos a expensas de aprobar os presupostos.
- Sr. Novoa: Como quedou a comisión informativa de contratación, persoal e subvencións que se aprobou por unanimidade no pleno e non se recolleu na acta?
- Sr. Alcalde: O que se aprobou é o que di a acta, en calquera caso pódeno formular vostedes.
- Sr. Diéguez: No parque do campo da feira hai dúas mesas, existe a posibilidade de meter outra mesa?
- Sr. Alcalde: Si.
- Sr. Janeiro: As canaletas da praza de Santa Ana échense de terra e atáscanse en tempada de choiva.
- Sr. Alcalde: O problema é que romperon os parafusos, haberá que reparalos.

E sendo, as vinte e unha horas, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 28 de setembro de 2007

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel